



Organiza:


Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono y fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.gal
Www.academiagalegabelasartes.gal

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR CAPACIDADE

 **Dos Acordes**

Patrocinan:



Real Academia Galega de Belas Artes

**CONCERTO-PRESENTACIÓN DO LP
A Mansión dos Anxos.
Música de Salón de compositores
pontevedreses do XIX e XX**

Coa participación de:

ALEJO AMOEDO PORTELA, *piano*
JAVIER JURADO, *editor (Dos Acordes)*

Martes, 15 de outubro de 2024
Ás 20:00 horas
Salón de Actos da Academia

concerto

INTRODUCCIÓN

A música de salón atopa un terreo fértil en Galicia a partir do último terzo do século XIX, en parte grazas á perda de poder económico da Igrexa, que despraza os músicos profesionais a novos ámbitos, en parte grazas á creación de todo tipo de sociedades recreativas, nas que a música terá un rol central como vehículo de socialización. Os salóns privados, semiprivados ou públicos convértense nun punto de encontro para conversar, tomar algo e escoitar música, con frecuencia interpretada por diletantes. Este contexto impón ao repertorio «de salón» os requisitos de estar escrito para poucos instrumentos (case omnipresente será o piano) e presentar unha dificultade técnica reducida, que permita ao afeccionado executalo con garantías.



O xénero da música de salón ocupou un lugar privilexiado no rexurdimento musical galego producido desde a segunda metade do século XIX, no que os autores, partindo dos modelos europeos tanto académicos como populares, definiron paulatinamente unha música con características propias. Eran frecuentes, especialmente no contexto urbano, os eventos levados a cabo nos salóns privados das familias aristocráticas ou altoburguesas, onde se establecía un «día de recibir» non raramente acompañado de invitacións co programa musical e, ocasionalmente, incluso publicidade na prensa local. Esta circunstancia vinculou estreitamente o ámbito cultural das súas respectivas cidades a certas figuras, que non poden ser comprendidas sen establecer unha visión de conxunto do tecido social local.

Se ben a produción e papel histórico dalgúns autores orixinarios da metade setentrional da xeografía galega —como Veiga, Chané ou Montes— é hoxe amplamente recoñecida, os traballos de recuperación en forma de ensaio académico ou de proxecto artístico, centrados nos autores activos na provincia de Pontevedra, son obxectivamente menos numerosos. Alejo Amoedo presenta con este disco unha panorámica xeral da produción de salón de diversos autores da contorna das Rías Baixas, que abarca un marco temporal de aproximadamente tres décadas, coincidentes co período culturalmente significativo para a toda cultura europea do fin de século.

O programa, incluído no vinilo de 12 polgadas con descarga dixital, vén presentado como unha selección de pezas de carácter variable que demostran unha linguaxe pianística relativamente idiomática, contidas na cara A, así como unha cara B centrada nas formas de orixe bailable que amosan de xeito máis evidente o influxo da cultura popular centroeuropea.

ALEJO AMOEDO PORTELA, *piano*

Especializado no repertorio de compositores/as galegos/as, realiza estudos de acompañamento vocal en Madrid co lendario pianista Miguel Zanetti. Alejo é doutor pola Universitat Politècnica de Valencia (2019).

A súa ampla traxectoria, no eido da música de cámara, levouno á realización de numerosos recitais nos que destaca a estrea de obras de Antonio Paz Valverde, Rogelio Groba, Luís Carro, Juan Durán, Margarita Viso, Miguel Brotóns, María Mendoza, entre outros/as.

Dos seus traballos discográficos destacan o triplo CD Antoloxía de Compositores Galegos (Ouvirmos, 2013), xunto ao clarinetista Asterio Leiva; *Méloides* (Mans, 2012), con Iria Cuevas, mezzosoprano; *Evocación* (Dos Acordes, 2016), coa obra para piano só de Reveriano Soutullo; *Cantos á natureza* (Fervenzas, 2018), coas voces de Susana de Lorenzo e Cesáreo Torres, textos póstumos de Xosé Neira Vilas; *Saudades d'alborada*. Baladas e zarzuelas galegas (Dos Acordes, 2021), xunto á soprano Loli Crespo; (di) *Versos Femeninos* (RDC, 2022), coa mezzosoprano Nuria Lorenzo e a música de Juan Durán; e o mais recente *A mansión dos anxos*. Música de Salón de compositores pontevedreses do XIX e XX (Dos Acordes, 2024).

Exerceu de pianista acompañante nos conservatorios profesionais de Pontevedra e Vigo; na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo de Porto (Portugal); e na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela. Pertence ao Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas da Xunta de Galicia na especialidade de Repertorio con Piano para Instrumentos, con destino no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Foi galardoado co «Premio Círculo, 2004» na modalidade de Música; «Premio da Crítica de Galicia» (2021) e co «Premio da Música Gregorio Baudot» (2022), este último concedido pola Sociedade Artística Ferrolana.

É integrante do colectivo cultural Pertenza; asesor da Fundación Reveriano Soutullo; membro fundador da Irmandade da Música Galega; membro electivo do Plenario do Consello da Cultura Galega (2022), vogal da súa Comisión Executiva, así como coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia.

Ingresou como académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes (2024) lendo o discurso «Reveriano Soutullo Otero (1880 – 1932). «Música de Salón» con piano no alboxar do século XX». Recentemente foi elixido membro numerario do Instituto de Estudos Vigueses (2024).

